

Despedimentos en Banco Sabadell

Desde COMFIA-CCOO manifestamos o noso total rexeitamento diante do goteo continuo de despedimentos que se está levando a cabo nesta empresa: en Alacante, en Asturias, en Xirona, en Málaga, en Tarragona e en Granada. Os motivos que argumenta a empresa son: baixa produtividade, actitude desaxeitada, atrasos na hora de entrada ao traballo, erros administrativos... ningún que xustifique a aplicación da máxima sanción: o despedimento.

A actual crise económica —da que precisamente son en gran medida responsables as entidades financeiras e, en consecuencia, os seus máximos xestores— non pode ser, ademais, utilizada para castigar os traballadores, principais vítimas da crise e que, por suposto, non contan cos contratos blindados dos altos directivos. Contratos que lles aseguran o seu futuro, fagan o que fagan. Non é tolerable que utilicen a excusa da crise para recrutar as políticas disciplinarias, enviando cartas de despedimento por calquera motivo.

Como tampouco é aceptable que a crise conxuntural sexa o seu argumento para precarizar aínda máis o emprego, extinguindo contratos directos e volvendo contratar eses traballadores a través dunha ETT. Ou creando empresas como BSIS, con salarios inferiores aos nosos, e utilizar estes traballadores para traballo bancario, porque iso seméllase bastante a unha cesión ilegal de traballadores. Ou vender filiais, cos seus empregados incluídos na venda, para reducir custos e mellorar resultados. Ou establecer modelos de retribución que en lugar de incentivar sirvan para frustrar, como o Plan ACTIVA. Supostamente, créase este plan para xerar perfís comerciais, pero desde algunhas direccións territoriais comunícaselles aos empregados que se non acadan os puntos de franquía do Plan ACTIVA serán enviados á

UNIDADE DE APLICACIÓN INTERNA, que soa a antesala de extinción; de feito, en Galicia chámanlle a esta unidade “o pozo”. Todo isto é o que se está facendo en Banco Sabadell.

Hai un consenso social no que fai a que unha das causas da actual recaída económica é a crise de valores e a omisión de normas de conduta no bo goberno das empresas por parte dos seus máis altos dirixentes. Con prácticas de culto ao diñeiro, especulativas, heterodoxas e, socialmente falando, moi pouco responsables. O correcto, o sensato e o esperable é que entre todos sexamos capaces de crear empresas competentes, organizacións líderes baseadas nas persoas e ben asentadas no seu sector. Empresas con vocación de futuro, sostibles e socialmente responsables.

Non é admisible que o Estado —é dicir todos os cidadáns— desenvolva políticas que intentan dar estabilidade á nosa sociedade, xerar emprego e confianza, con medidas que inclúen tamén axudas ás empresas financeiras, e que estas, pola contra, apliquen políticas que xeran inseguridade, deterioración e exclusión social. Iso é o que provoca Banco Sabadell cos despedimentos, a frustración e a precarización do emprego.

Desde a sección sindical de COMFIA-CCOO esixímoslle á Comisión Executiva de Banco Sabadell que abandone estas prácticas inaceptables e xestione esta empresa con proxectos de futuro, de éxito e continuidade, responsables. Para iso teñen que respectar os traballadores e, polo tanto, a sociedade. Nós defendemos “a sostibilidade de todos” non o “enriquecemento duns poucos”.

Xaneiro de 2009

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación Enviar a ➔	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:	
Domicilio	C.P.:	
Poboación		
Cta. de cargo		DNI
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Setes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>		Data / /

Ficha de afiliación

Enviar a ➡ 0901-0105

Fecha.....

Nombre y apellidos

DNI correo electrónico

Dirección

Población

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidad ___ ___ ___ Oficina ___ ___ ___ DC ___ ___ Cuenta ___ ___ ___ ___ ___

Firma:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Tus datos serán incorporados a un fichero titularidad de CCOO integrado por los ficheros pertenecientes a la confederación o unión regional correspondiente según el lugar en que radique tu centro de trabajo, a la federación del sector al que pertenezca la empresa en la que trabajes, así como - en todo caso - a la CSCCOO. En siguiente URL puedes consultar los diferentes entes que componen CCOO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. La finalidad del tratamiento de tus datos por parte de todas ellas la constituye el mantenimiento de tu relación como afiliado, con las concretas finalidades establecidas en los estatutos. Además de lo indicado tus datos pueden ser empleados por CCOO para remitirte información sobre las actividades y acuerdos de colaboración que se establezcan con otras entidades. Siempre estarás informado en la web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) de dichos acuerdos y de los datos de dichas entidades. Puedes ejercitar tus derechos de acceso, rectificación, cancelación y, en su caso, oposición, enviando una solicitud por escrito acompañada de la fotocopia de tu D.N.I. dirigida a CSCCOO con domicilio sito en la C/ Fernández de la Hoz nº 12. 28010. Madrid. Deberá indicar siempre la referencia "PROTECCIÓN DE DATOS". Si tienes alguna duda al respecto puedes remitir un email a lpd@cco.es o llamar por teléfono al 917028077.